

# PERSUASIÓN

Cadernos para a creación e a cultura  
nº 1

Ángel Calvo Ulloa

Amalio Framiñán Lamazares

Rosa Hernández Facal

FoCuCu (Foro para Cultivos Culturais)

Lalín, setembro de 2015

PERSUASIÓN  
Cadernos para a creación e a cultura, nº 1  
Lalín, 2015

Imaxes: Amalio Framiñán Lamazares e Rosa Hernández Facal  
Edita: FoCuCu (Foro para Cultivos Culturais)  
<http://focucu.wordpress.com>

Publicado baixo licenza Creative Commons BY-NC-SA  
Poden realizarse copias desta obra e obras derivadas  
coa condición de que se recoñeza expresamente  
a autoría da obra orixinal,  
que se faga referencia á fonte  
e as obras resultantes sexan publicados  
baixo a mesma licenza



## Dous correos para un comezo

Ola Ángel, grazas polo teu tempo antes de nada

Envíoches as fotos dun rapaz e unha rapaza de Lalín para comezar con eles esa liña de publicacións que lle queremos chamar "Cadernos de persuasión" ou algo así... Para os que botamos aquí todo o ano (e xa por vocación) énos importante darlle saída e poñer á vista o que de novo se coce nas maus de quen inda non ten un camiño trazado

Se ves que podes colaborar a "explicar" estas obras nun textiño breve, quedámosche agradecidos, e se non tamén, xa o sabes

Unha aperta

(Vanche neste correo as fotos de Amalio, e no seguinte iranche as de Rosa. O texto sería conxunto, ou como ti mellor vexas)

Bos días Celso,

En resposta ao e-mail no que me comentas se podería escribir algo en relación coas imaxes de Amalio e Rosa.

Estívenlle botando un ollo ás fotos. Hai algunha que me interesa, que me obriga a determe. Outras teñen ese punto de disparo que dá a sensación de que simplemente procura un efecto e que me interesa menos.

O problema que vexo á hora de escribir é que apenas coñezo a eses rapaces persoalmente e que cunhas fotografías de cada un, sen saber nin as intencións á hora de fotografar nin máis datos relevantes, é moi difícil escribir algo que se poida considerar meditado, que non obxectivo.

O problema coa fotografía e co exceso de imaxes que se presentan na actualidade é ese, que a fotografía en pequenas cantidades pode confundir ao espectador.

Levo bastante tempo pensando en redactar algo que fale do tratamento que en lugares coma o noso se lle dá ás prácticas artísticas por parte da sociedade. O pintor, o escultor, o actor, o fotógrafo, o poeta... seguen sendo -e supoño que sabes do que falo- uns individuos dos que parece que calquera pode dicir algo, calquera pode descalificarlos do xeito máis necio. Por esa razón, que alguén como Rosa e Amalio perdan o seu tempo facendo fotografías é, neste caso, xa non loable, senón arriscado. Polo tanto, sempre respecto máximo ao que eles fagan. Penso que ese é un bo comezo. Alguén contaba unha vez que en Lalín o feito de pasear pola rúa cun libro na man, ou sentarse nun café a ler, seguía sendo unha acción revolucionaria.

Recordo cousas que leo por internet, de personaxes supostamente pertencentes á cultura local que se permiten o luxo de comentar novas da prensa relacionadas coa arte contemporánea, descalificando a práctica artística na súa totalidade con comentarios cheos de prexuízos. O que a prensa conta de arte case sempre ten que ver coas cifras astronómicas que se manexan nas subastas ou as obras máis polémicas da edición anual da feira ARCO. Unha mágoa.

É terrible pensar que o rock'n'roll se asimilou ata o punto de borrar a súa mensaxe e que Duchamp ou Malevich seguen sen ser entendidos. escoitar a alguén dicir que durante un cacho permaneceu nunha sala dun importante museo observando unha papeleira e que a xente paraba a imitalo, é escoitar a alguén que seguramente non pensou que a xente paraba a miralo mentres miraba una papeleira. O individuo que observa ao individuo que observa ao individuo... Seguramente o feito de rir á conta do poeta sexa nestes momentos moito máis común do que o era hai cen anos. E ben máis grave, tamén.

Penso que máis que centrarse en escribir sobre o que din unhas fotografías, o interesante é que as fotografías falen por si mesmas. Recordas iso que alguén escribiu e que dicía algo así coma que o paxaro non canta porque saiba cantar, senón porque ten unha canción?

Ao que quizais me podería comprometer é a escribir sobre a necesidade de arte, ou o que é máis importante, da esixencia da arte dun interese activo por parte do espectador. Que tal como a poesía esixe dedicación non só para quen a escribe, tamén unha instantánea esíxeo para quen a observa. Porque o espectador, aínda que na actualidade semella que perdeu o seu significado, é o que observa algo con atención. Con atención.


Non sei... ti que me dis?

Apertas



Amalio Framiñán Lamazares

Sol e praia




Espellismo





Onírico






TOC TOC, desaparece

Cumio




Refluxencia





Rosa Hernández Facal

a xeometría da liña



habitación 603





nós



sobre o ceo



x1



x2



Grazas, seguimos

Este caderno dixital  
foi construído en Compostela  
en xuño de 2015  
Para a súa composición utilizáronse  
programas e tipografías de código aberto

Deseño: [luagris.net](http://luagris.net)